FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

*Escola Galega de Alta Montaña*

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, ofic.10.

**36209 VIGO**

**PROXECTO**

**CURSO DE INICIACIÓN Á ESCALADA**

**DATAS: 28 E 29 DE MAIO 4 E 5 DE XUÑO**

**LUGAR: ROCÓDROMO MUNICIPAL DE PONTEVEDRA E ESCOLA DE ESCALADA DE GALIÑEIRO**

**Proxecto de Curso**

**NOME DO CURSO: Iniciación á escalada**

**LUGAR:Escola de escalada de Galiñeiro**

**DATAS: 28 e 29 de maio 4 e 5 de xuño**

**DIRECTOR:** Iván Rouco

**PREZO: 105 €**

**PRAZAS: 16**

***1. DESTINATARIOS***

Curso orientado a aquelas persoas que queran inicarse, ou xa iniciadas, queren aprender as técnicas básicas de seguridade e progresión en escalada en rocha.

***2. OBXECTIVOS***

A finalidade do curso é a de facilita-lo aprendizaxe das técnicas básicas de seguridade e progresión en escalada en rocha dotando ao alumnado de coñecementos que llegarantan a seguridade no desenvolvemento da súa actividade.

***3. CONTIDOS***

- Coñecementos do material básico de escalada en rocha.
- Nós (oito, gaza simple, dinámico, de fuga, ballestrinque, marchand e de cinta).
- Técnicas de descenso. Rápel e descolgue.
- Cadea dinámica deseguridade. Desenrolo dunha ascensión.
- Aseguramento. De primerio de corda. En io-io. Aseguramento dinámico.
- Manotaxe de triangulacións simples sobre seguros fixos. Manobra de descolgue.

## 4. PROGRAMA

**Sábado 28:**

11:00 Recepción do alumnado no Rocódromo Municipal de Pontevedra.

12:00 Exposición sobre o material básico de escalada.

Aprendizaxe dos nós.

Introducción teórica ás técnicas de aseguramento en io-io co dinámico e sistemas de freo mecánicos.

14:00 Parada para xantar.

15:00 Reanudación.

Prácticas de aseguramento en io-io. Utilización do dinámico e de distintos sistemas de freo.

20:00 Fin da xornada.

**Domingo 29:**

10:00 Reunión cos cursillistas. Explicación dos contidos da xornada.

10:30 Exposición do funcionamento da cadea dinámica de seguridade.

11:30 Introducción teórica ás técnicas de aseguramento ao primeiro de corda co dinámico e os diferentes sistemas de freo mecánicos xa utilizados.

Técnicas de chapaxe.

Prácticas de escalada de primeiro de corda simulado en distintas vías.

Aseguramento ao primeiro de corda.

14:00 Parada para xantar.

15:00 Reanudación

Prácticas de escalada de primerio de corda.

17:30 Exposición das técnicas de ráppel autoasegurado.

Aprendizaxe do Machard.

Prácticas de ráppel.

19:00 Fin da xornada

**Sábado 4:**

11:00 Reunión cos cursillistas no ponto acordado ao pé do Monte Galiñeiro.

11:30 Repaso dos nós e colocación do material persoal.

12:00 Prácticas de escalada en io-io.

Aseguramento en io-io.

15:00 Prácticas de escalada de primeiro de corda

Exposición da manobra de descolgue.

Prácticas da manobra de descolgue.

20:00 Fin da xornada.

**Domingo 5**:

10:00 Comezo da xornada.

Resolución de posibles dúbidas.

Prácticas de escalada de primeiro de corda.

Prácticas intercaladas da manobra de descolgue sobre un ponto ou dous.

Prácticas de ráppel autoasegurado.

18:00 Recollida do material.

Charla final para as aclaracións que poidan xurdir.

Enquisa final de participación.

19:00 Fin da xornada.

### *5. PROFESORADO*

A relación profesor-alumno será de 1:5/6 a primeira fin de semana e de 1: 4 a segunda.

### *6. PRAZAS*

O número de **prazas será de 16.** , cubríndose por estricta orde de inscripción. O **número mínimo** de asistentes para realiza-lo curso será de 5.

### *7. HORAS LECTIVAS.*

16 horas.

## *8. REQUISITOS.*

- Ter solicitada a licencia federativa nacional do ano en curso nunha modalidade que cobra a escalada en rocha.
- Permiso paterno para os menores de 18 anos.

## *9. MATERIAL NECESARIO.*

**No é necesario ter material técnico propio, pero se recomeda leva-lo se se posúe.**

## *10. INCRIPCIÓN.*

A inscripción farase **nos clubes** que o comunicarán seguidamente á FGM. A inscripción non será definitiva ata que se faga efectivo o pagamento.

A **data límite** será sempre o **martes anterior** o fin de semán do curso.

## *11. INFORMACIÓN*

**Federación Galega de Montañismo**

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, ofic.10.  36209 – VIGO

**Tlf:** 986 208 758

www.fgmontanismo.es

## *12. COLABORA:*